

---

# GATIÑO E A NEVE

Texto de JOEL FRANZ ROSELL

Ilustracións de CONSTANZE V. KITZING

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

---

Encadernado en cartón. 23 x 16 cm. 32 páx. 11 €.

**Gatiño e a neve** (galego)

ISBN 978-84-8464-807-9. Fóra de colección.

**Gatito y la nieve** (castelán)

ISBN 978-84-92608-67-6. Fuera de colección.

**En gatet i la neu** (catalán)

ISBN 978-84-15170-24-2. Kalandraka-Hipòtesi.

**Katutxo eta elurra** (eusquera)

ISBN 978-84-7681-745-2. Kalandraka-Pamiela.

**Gatinho e a neve** (portugués)

ISBN 978-989-8205-89-6. Livros para sonhar.

**Little Cat and the Snow** (inglés)

ISBN 978-84-8464-808-6. Books for dreaming.

*...Aquel día nevara moito. Ía frío,  
pero Coella, co seu grosa abrigo branco,  
e Gatiño, co seu espeso abrigo negro,  
estaban ben quentiños...*

...Branco coma a neve, negro coma o carbón. A amizade entre Gatiño e Coella é o paradigma da integración entre dúas especies que, coma as persoas, poden ser iguais pero diferentes. Mentres que “Gatiño e o balón” aborda cuestións como a xenerosidade, a convivencia e a amizade, “Gatiño e a neve” amósanos a dous amigos enfrontándose aos seus problemas cotiás e atopando solucións imaxinativas a través do xogo, descubríndose e respectándose cada un tal cal é.

Así como Gatiño resulta negro de máis para xogar no soto e Coella é branca de máis para xogar na neve, o azar acaba intervindo para que un e outro poidan pasalo ben en igualdade de condicións. Nesta nova entrega, da que destacan a frescura do texto, de estrutura dialogada, e as alegres ilustracións, tamén xorden temas como o autoconhecimento e o valor da diversidade.

A base de texturas suaves e cores intensas, as ilustracións reflicten a expresividade dos personaxes e a calidez dos escenarios onde transcorren as aventuras de Gatiño e Coella.



- 
- **Temática:** amizade, integración
  - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
  - **Aspectos destacables:** dos autores de “Gatiño e o balón” (KALANDRAKA); igualdade, multiculturalidade; inverno; xogos tradicionais.
- 

## Joel Franz Rosell

(Cruces, Cuba, 1954)

Escritor, ilustrador, crítico, profesor e xornalista. Viviu en Cuba, Brasil, Dinamarca, Arxentina, España e Francia, países nos que escribiu numerosos libros para nenos. Algunhas obras súas foron adaptadas para televisión, radio, cómic e fotonovela, teatro e narración oral, principalmente no seu país natal. Tamén publicou traballos de crítica e ensaio en xornais e revistas de Europa, América e Asia. Entre outros recoñecementos, obtivo a distinción The White Ravens (Biblioteca Internacional da Xuventude, Alemaña) en 1996 e 2005, o Premio La Rosa Blanca (Unión de Escritores e Artistas de Cuba, seis veces entre 1995 e 2005) e o Premio da Cidade de Cherburgo (Francia, 2001). En KALANDRAKA publicou, ademais dos dous títulos desta serie, “O paraugas amarelo”, “Paxaros na cabeza” (Premio La Rosa Blanca 2005, The White Ravens 2006) e “Don Agapito, o apesarado”.

<http://elpajarolibro.blogspot.com/>

## Constanze v. Kitzing

(Göttingen, 1980)

Estudou ilustración na Universidade de Ciencias Aplicadas de Hamburgo, na Escola de Arte e Deseño de Minneapolis en Estados Unidos, e na Universidade de Weimar (Bauhaus). Participa en obradoiros creativos e publicou en distintas editoriais europeas. Ademais de ser ilustradora independente, tamén traballa no departamento de deseño da revista alemana Der Spiegel. A súa obra foi seleccionada para a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2010. Foi distinguida no certame 3x3 Children's Show 2011 (EEUU) e no CJ Picture Book Award 2011 (Corea). <http://www.constanzevonkitzing.de/>